

MEMORIA DE ACTUACIÓN DE INVERSIÓN (4.1.C)

1. DATOS RELATIVOS Á ACTUACIÓN

a) Denominación da entidade: Cocina Económica de La Coruña

b) Denominación da actuación: Instalación de gas natural e adquisición de electrodomésticos industriais.

2. XUSTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN

Como se explicou no “anexo V” na fase de solicitude, a entidade dispoñía dunha antiga instalación de gas propano con bombonas industriais ubicadas nuns armarios nunha das fachadas do edificio da entidade.

A instalación de gas natural e o cambio dos queimadores das cociñas industriais permítenos agora optimiza-lo tempo á hora de cociñar, sen a preocupación de ter que apagar as cociñas para cambiar de bombona.

Tamén no futuro a curto prazo, permitíranos renova-los electrodomésticos industriais atendendo a criterios de eficiencia enerxética.

3. OBXECTIVOS

a) Obxectivo xeral:

Mellora - las instalacións da entidade.

b) Obxectivos específicos:

- Optimiza-lo tempo na elaboración do menú diario atendendo a criterios de eficacia.
- Reduci-lo gasto en consumo de gas dende unha perspectiva de eficiencia enerxética.

c) Necesidades que pretenden cubrir:

Nos últimos anos e coa mesma previsión de cara ó futuro no curto e medio prazo, a Cociña Económica da Coruña soporta unha considerable presión asistencial nos servizos que presta, pero sobre todo nos relacionados coa manutención.

Así, é unha premisa da entidade dende a súa fundación, cubrir a necesidade básica de alimentación de toda persoa que se atope nunha situación de dificultade social e que así o demande.

4. ACTUACIÓN DESENVOLVIDAS

A actuación executouse no mes de novembro de 2017 na planta baixa do edificio da entidade onde está ubicada a cocina e ten un carácter indefinido.

6. PREVISIÓN DE PARTICIPANTES A ATENDER

Ó igual que nos últimos anos, prevemos que no 2018 se seguirán a facer unha media de 1.200 racións de comida diarias que irán destinadas a unhas 800 persoas que diariamente cobren parte da necesidade básica de alimentación acudindo ó comedor social da entidade ou recollendo a comida para levala para o domicilio.

7. AVALIACIÓN CUALITATIVA DA ACTUACIÓN

O resultado deste investimento esperamos velo reflectido ó longo do 2018 tanto á hora da elaboración do menú diario (aforro de tempo), como no incremento da capacidade para atender máis usuarios, posto que nesta última parte do ano 2017 vemos como o número de persoas que acoden á entidade por primeira vez continúa a incrementar.